

Fraseoloxía de Matamá (Vigo)

Anxos Hermida Alonso¹

Edición de 251 locucións e fórmulas recollidas na freguesía de Matamá (Vigo) nos anos 2000, 2001 e 2009.

Palabras clave: fraseoloxía galega, galego, traballo de campo.

Edition of 251 locutions and formulae compiled in Matamá (Vigo) in 2000, 2001 and 2009.

Keywords: Galician phraseology, Galician, field work.

A maior parte das expresións que figuran neste traballo recollínanse entre os anos 2000 e 2001 e unha pequena parte en 2009. Todas elas son coñecidas e usadas por min mesma ou na miña familia e veciñanza. Con todo, cómpre dicir que unha parte delas eran de uso máis habitual nas décadas pasadas. Entre as unidades fraseolóxicas que presento hai bastantes correntes ou moi correntes que se cadra non sería preciso recoller aquí. O motivo de as incluír é a idea de que recollermos todo, o corrente e o menos corrente, axúdanos a coñecer mellor precisamente este aspecto, a súa frecuencia. Ademais, moitas veces, ao darmos por feito que unha unidade fraseolóxica xa é coñecida furtamos unha información interesante, algún matiz ou variante novos na forma ou no significado

Pertencente ao concello de Vigo, a parroquia de Matamá está situada no seu interior e limita coas freguesías de Beade, Castrelos, Comesaña e Valadares.

O galego que falamos na parroquia de Matamá pertence ao bloque occidental e máis concretamente á subárea do Morrazo-Fragoso. Algúns trazos da nosa fala son os seguintes: a) existencia de gheada (*aghora*) e pronuncia do grupo -ng- enordecido (*dominco*, *ancaso*, *ninquén*) e b) seseo total predorsal (*visiño*, *sapato*, *rapás*) con despalatalización do x (*santar*, *coso* no canto de *xantar* e *coxo*).

Data de recepción 14/04/2009 Data de aceptación 29/07/2009

¹ Ex-alumna da Escola Oficial de Idiomas de Vigo

Nesta recolla, cando a expresión non coincide co galego estándar, adáptoa á forma normativa e indico ao final a variante local. Fago o mesmo coas interferencias. Utilizo as conxuncións comparativas *coma* e *ca* a pesar de que na nosa fala son máis comúns as formas *como* e *que*.

Con este pequeno traballo quero contribuír á recuperación e á popularización da nosa fraseoloxía.

Abreviaturas e símbolos:

COL. = coloquial

comp. = expresión comparativa.

EUF. = eufemismo

fôr. = fórmula

HUM. = humorístico

IRÓN. = irónico

loc. adv. = locución adverbial

loc. adx. = locución adxectiva

loc. subst. = locución substantiva

loc. ver. = locución verbal

PEX. = pexorativo

VULG. = vulgar

= forma como foi oída a expresión

1. **a burra non é chosca** *fôr.* COL. [Dise para expresar que non se é parvo ou ignorante]. –*Non é así, non é así; o meu terreo ten máis metros, chega até aquí.* –*Que a burra non é chosca!*
2. **a cabalo** *loc. adv.* Coas pernas abertas sobre o lombo da cabalgadura que se monta ou, por extensión, sobre outra cousa ou persoa. *No verán andan a cabalo por eses montes.* | *Non te poñas a cabalo de teu irmán que pesas máis ca el.*
3. **a cachón** *loc. adv.* 1. Formando burbullas, con forza. [Úsase co verbo *ferver*]. *Cando entrei na cociña a pota do caldo fervía a cachón.* 2. Moito, con forza, en cantidade. [Utilízase con verbos como *rir*]. *Contaron contos cos que rimos a cachón.*
4. **a cara de can** *loc. adv.* COL. Pagando cada un o seu. *Imos, mais a cara de can.*
5. **a carrachaperna / a carranchas** *loc. adv.* Escarranchado sobre os ombreiros [de alguén]. *Non te podos*

- pór a carrachaperna porque pesas moito.*
6. **a casa da Collona** *loc. subst.* VULG. Lugar indefinido e moi afastado. –*Dixeches que hoxe me ías levar á sala de festas Canela. ¿onde queda iso?* –*Na casa da Collona.*
 7. **a deshora** *loc. adv.* 1. Tarde ou fóra de tempo. *Ten por costume chegar a deshora ás citas amorosas je logo quere casar!, que aprenda a ser puntual.* 2. Nun momento intempestivo e inoportuno. *Non telefona, el aparece de súpeto. Xa non é a primeira vez que vén a deshora pola casa.*
 8. **a landra que te/o... deu!** *fór.* COL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento ou desacordo]. –*Mamá rompín o vestido. –Pero outra vez? A landra que te deu!*
 9. **a madre que te/o... zampou** *fór.* COL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. [Tamén se usa con “nai”]. *A madre que te zampou, sae de aí, rapaz!* [Pereda Álvarez (1853: s.v.) define así “zampar”: ‘Echar fuera a alguen, con violencia. Tirarlo o tirarse desde una altura’. Poida que sexa o sentido que ten nesta locución].
 10. **a paso de galiña** *loc. adv.* COL. Con lentitude, moi devagar. –*Non dás chegado. –É que vin a paso de galiña.*
 11. **a pé firme** *loc. adv.* De pé e sen se mover. *Hoxe como houbo misa maior tiven que estar todo o tempo a pé firme.*
 12. **a pisar ovos / pisando ovos** *loc. adv.* COL. Moi devagar; moi lentamente e con moito coidado. –*Como vés soa, Manuela?* –*Deixei atrás a miña irmá, parece que vén a pisar ovos.* # *a pisar ovos/güevos*
 13. **a plan** *loc. adx.* COL. Moi cargado, cheo. *O carro de toxo viña a plan.*
 14. **á rapañota** *loc. adv.* COL. 1. Concorrendo apresuradamente con outros a apañar algo que alguén lanza. [Úsase con verbos como *andar, coller, ir* ou *pórse*]. *Arroz prós pitos e merda prós señoritos. Isto lles diciamos aos padriños nos casamentos cando non botaban cartos ou caramelos e os rapaces iamos á rapañota.* 2. Para que outros apañen [algo que se bota]. [Úsase con verbos como *botar* ou *lanzar*]. *Botounos á rapañota moedas de pouco valor e caramelos.*
 15. **a rego cheo** *loc. adv.* COL. Moito, abundantemente; con fartura. *Gastaba a rego cheo e acabou arruinándose, claro. | Estes rapaces non beben viño... e beben zumes a rego cheo.*
 16. **a rente** *loc. adv.* Rozando a superficie de onde sae. *Desta vez cortáronche moi a rente o cabelo.*
 17. **a toque de caixa** *loc. adv.* COL. A toda présa e á forza, baixo presión, sen un respiro. [Úsase con verbos como *andar, baixar, marchar, saír, traer...*]. *Cando vin o que os cativos fixeran no cuarto*

mandeinos baixar a toque de caixa.

18. **afeitarse para arriba** *loc. ver.* COL. Desentenderse [de algo]. – *Como vai o divorcio de teu irmán? –Nese asunto afeitome para arriba.* # afeitarse pa riba
19. **afiar os dentes** *loc. ver.* COL. Disporse para gozar de algo moi desexado, en especial algo de comer. *Carlos non deixa de afiar os dentes pensando no casamento de mañá do Lisardo.* # afilar os dentes
20. **amarrarse coma un cravo** *loc. ver.* COL. Suxeitarse ou agarrarse ben. *Que gusto bailar con este mozo! Amárrase coma un cravo! # amarrarse como un clavo*
21. **andan os ladróns atrás dos que rouban** *fôr.* COL. [Expresa que dúas ou máis persoas son iguais, do mesmo feitío, normalmente en sentido negativo]. *Tanto che ten un coma outro: andan os ladróns atrás dos que rouban.*
22. **andar co lombo** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater ou golpear [a alguén]. *O que se mete nesas leas quere que lle anden co lombo.*
23. **andar coas costelas** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater ou golpear [a alguén]. *Tes que vir máis cedo do baile, senón ándoche coas costelas.* # andar coas costelas/costillas
24. **andar coma o tardo** *loc. ver.* COL. Acostumar andar de noite. –*Ainda non chegou Flora? –Xa sabes que anda sempre coma o tardo.* [O “tardo” é, segundo crenza popular, un trasno que anda polas noites e senta sobre os que dormen para lles producir pesadelos].
25. **ao rebusco** *loc. adv.* Á procura do que caeu ao chan ou do que ficou [nas vendimas, colleitas etc.]. [Úsase con verbos como *andar* ou *ir*]. *Despois de a xente vendimar, os rapaces iamos ao rebusco a ver se atopabamos camballos de uvas para comelos porque non nos daban nunca froita.*
26. **apertar o cinto** *loc. ver.* COL. Facer economías, reducir o gasto. *Eu dígoche que se queremos facer unha casa temos que apertar o cinto.* # apretar o cinto
27. **arre demo!** *fôr.* COL. [Expresa admiración ou sorpresa]. *Arre demo! Esa levada que vén por ese rego vai asolagar os campos e o noso traballo vai ser en balde!*
28. **ás apalpadas** *loc. adv.* Axudándose do tacto [por causa da escuridade ou da falta de vista]. *Non había luz e tiven que buscar a chave ás apalpadas.*
29. **ás leguas** *loc. adv.* De xeito claro e evidente, moi ben. [Úsase con verbos como *coñecer*, *ver* ou *notar*]. *Parece mentira que o preguntes, xa sabes que te coñezo ás leguas.*
30. **ás minchas** *loc. adx.* COL. Moi distraído, moi despistado, sen decatarse do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*]. *Ese anda ás minchas, coma sempre.*
31. **as quiñentas** *loc. subst.* COL. Unha hora moi avanzada. *Non sei*

- como fai ese mais sempre chega ás quiñentas ao choio. | Estabamos até as quiñentas a conversar e a beber licor café. # ás quinientas*
32. **as tantas** *loc. subst.* COL. Unha hora moi avanzada [da mañá ou da noite]. *Coma sempre, a nena chegou onte ás tantas. | Eran as tantas da noite e el non chegara.*
33. **ás voltas** [con algo/alguén] *loc. adv.* 1. Dedicándolle tempo ou traballo [a algo]. [Úsase xeralmente co verbo *andar*]. *Anda ás voltas con ese traballo que ten que entregar para a semana.* 2. Dando voltas. [Úsase xeralmente co verbo *andar*]. *Cariño, deixa de andar ás voltas e fai a cea que teño fame.*
34. **até a punta dos pelos** COL. 1. *loc. adx.* Moi farto, moi canso, moi aborrecido. *Tiven que aturar toda a tarde o repugnante do meu sobriño. Estou de rapaces até a punta dos pelos.* 2. *loc. adv.* Completamente, totalmente. *Non sei que lle dixo que se puxo roibo até a punta dos pelos. # asta a punta dos pelos*
35. **bailar de cuaña** *loc. ver.* COL. Levar unha tunda. *Levou a moto sen o meu consentimento, mais deixa que cando chegue vai bailar de cuaña.* [Coido que “cuañas” ou “coañas” son anacos de palla ou espigas que aparecen mesturados co gran cando se malla na eira].
36. **bater coas pernas no cu** *loc. ver.* COL. Correr moito; fuxir. *Fomos ás ameixas, mais cando vimos vir o dono das froiteiras batemos coas pernas no cu.*
37. **beber coma unha esponxa** *loc. ver.* COL. Beber moito. *—Canto viño collestes este ano! —Non ha durar moito, xa sabes que o meu home bebe coma unha esponxa.*
38. **bico de poupa** *loc. subst.* COL. Cara de enfado ou desagrado. *Non poñas ese bico de poupa que eu non teño a culpa do que che pasa.* [“poupa” é o nome que recibe en Matamá a “bubela”].
39. **boca aberta** *loc. subst.* COL. Persoa que chora moito, chorón; persoa que fala moi alto ou berra. *Non podo ir ao concerto de Nadal porque teño que levar a ese e, co boca aberta que é, é imposible asistir.*
40. **bolo de leite** *loc. subst.* COL. Persoa gordecha e tenra. *Este rapaciño é un bolo de leite. Está para comelo.*
41. **botar a man** [a algo] *loc. ver.* COL., EUF. Roubar [algo]. *Alguén deixou este traxe de baño esquecido na area e eu boteille a man.*
42. **botar a vida de Noé** *loc. ver.* COL. Tardar moito tempo nalgún sitio ou en facer algunha cousa. *A nena acaba de comer logo, mais o pequeno non dá acabado. El bota a vida de Noé.*
43. **botar a vida dun can** *loc. ver.* COL. Tardar moito tempo nalgún sitio ou en facer algunha cousa. *Arre demo, habíache tanta xente no médico que botei a vida dun can esperando a miña vez.*
44. **botar auga nunha cesta** *loc. ver.* COL. Facer algo inútil, sen

- proveito, perder o tempo. *Non me fales, non aproveitou as oposicións, iso foi coma botar auga nunha cesta.* # botar agua nunha cesta
45. **botar o carozo** *loc. ver.* COL. Chover todo o que ha de chover. *A ver se hoxe o día bota o carozo e mañá podemos gozar de sol. | Toda a tarde a arroiarse, a ver se bota o carozo dunha vez e podemos saír.*
46. **botar o carro diante dos bois** *loc. ver.* COL. Facer unha acción antes ca outra que por lóxica debería facerse primeiro, anticiparse a feitos que aínda non ocorreron. *Non fagas iso, non botes o carro diante dos bois.*
47. **botar os boches** *loc. ver.* COL. 1. Esforzarse ou traballar moito. *Deixou ese emprego de estibador porque botaba os boches.* 2. Vomitar. *—Non estará embarazada? Ten mala cara. —Supoño, ¡non fai máis ca botar os boches!*
48. **botar por fóra** *loc. ver.* COL. Xactarse; falar de máis, inventar. *Dáme noxo oír falar ao Carlos, non fai máis ca botar por fóra.*
49. **botar terra** [a algo] *loc. ver.* COL. Facer que non se volva falar de [algo], facer que se esqueza, encubrir ou esconder [algo]. *Vaia, pasou o que pasou, e agora, miña amiga, imos botar terra ao asunto.*
50. **cacho de pan** *loc. subst.* COL. Persoa moi boa. *O señor abade é un cacho de pan, pódese dicir que ninguén lle quere mal.*
51. **caer a Pascua en luns** [a alguén] *loc. ver.* COL. Saír unha cousa mal, non pasar o que se esperaba. *Ían ir de excursión e non lles veu o autobús: caeulle a Pascua en luns.* # caír a Pascua en luns
52. **caer coma unha bosteira** *loc. ver.* VULG. Caer moi facilmente. *Cando leva o balde cae sempre coma unha bosteira.* # caír como unha bosteira
53. **caer da burra (abaixo)** *loc. ver.* COL. Recoñecer estar equivocado; rectificar; darse conta, comprender. *—Maruxa, vouche explicar outra vez o exercicio. —Non te molestes, xa caín da burra. | Despois de moitas horas de insistirles e explicarllelo por fin caían da burra e recoñecían que eu tiña razón.* # caír da burra (abaixo)
54. **caer do ceo** *loc. ver.* COL. Conseguir sen esforzo ningún [algo], ser gratis. [Úsase máis en construción negativa]. *—Papá, ¿cando me mercas unha moto? —Cala, rapariga, que os cartos non caen do ceo. | Que pensas, que a solución ao teu problema vai caer do ceo?* # caír do ceo
55. **caer en graza** [a alguén] *loc. ver.* Agradar [a alguén], gozar da simpatía [de alguén]. *Caícheslle en graza ao xefe do almacén e por iso che deron o posto.* # caír en gracia
56. **caer un ollo** [a alguén por algo] *loc. ver.* COL. Ollar [unha persoa] con desexo [algo], devecer [por algo]. *Cando estabas comendo o pastel, ao veciño estáballe caendo un ollo.* # caír un ollo

57. **cagar alto** *loc. ver.* VULG. Terse por moi importante ou aspirar a moito. –*Estende o mantel máis para alí que están as túas primas e pasámolo mellor na romaría. – Nin o soñes, esas cagan moi alto.*
58. **cagar bólas** *loc. ver.* VULG. Mentir. *Ese rapaz non fai máis ca cagar bólas.*
59. **cagar o can diante** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Malograrse algo que se tiña previsto, saír [a alguén] mal un asunto, ter mala sorte. –*Señor, o arranxo do teléfono custa cinco mil pesetas. –Vaia, cagoume o can diante; con eses cartos ía mercar un perfume.*
60. **calcetín para un só pé** *loc. subst.* COL. Preservativo ou condón. *Agora nas discotecas xa hai máquinas que teñen calcetíns para un só pé. # calcetín pa un solo pé*
61. **cantar coma unha calandra** *loc. ver.* COL. Cantar ben. *Esa rapariga canta coma unha calandra. # cantar como unha calandra/landra*
62. **cara de ferreiro** *loc. subst.* COL. Expresión da cara pouco amigable, de enfado ou mal humor. *Con esa cara de ferreiro que ten non é milagre que teña menos clientela ca os seus veciños.*
63. **catro ollos** *loc. subst.* COL. Persoa que usa lentes. *Ernesto é un catro ollos e non quero bailar con el.*
64. **cheirar a can** [a alguén] *loc. ver.* COL. Resultar [unha cousa, a alguén] sospeitosa. –*Mañá imos xantar á de miña irmá, que me convidou hoxe. –Ui, isto cheírame a can.*
65. **chica ganada, chica papada** *fór.* COL. [Resume unha situación en que se gasta o que se ten, sen aforrar nada]. *Non me estraña que non vaian ao xantar, nesa casa chica ganada, chica papada.*
66. **chorar as mantas do demo** *loc. ver.* COL. Chorar moito. *Mónica cando a deixou o mozo chorou as mantas do demo.*
67. **chorar coma unha madalena** *loc. ver.* COL. Chorar desconsoladamente. *O meu fillo estaba tan aflito que choraba coma unha madalena.*
68. **coller os talentos** [a alguén] *loc. ver.* COL. Perder o respecto [a alguén], deixar de temer [alguén]. *O neno xa lle colleu os talentos á que o coida e xa non lle fai caso.*
69. **coma area / máis ca area** *loc. adv.* COL. En abundancia, en cantidade. [Úsase con verbos como *abundar, haber, gañar, ter...*]. –*Vaia abrigo que ten Nicanor! Xa me dá envexa. –A calquera, o que pasa é que o pai ten máis cartos ca area.*
70. **coma o can e o gato** *loc. adv.* COL. Moi mal, con enfrontamentos ou pelexas constantes. [Úsase con verbos como *andar, estar, levarse...*]. *Os meus rapaces lévanse coma o can e o gato.*
71. **coma un fideo** *comp.* COL. Moi delgado. *Que envexa me dá Casiano, eu con quilos de máis e el coma un fideo.*
72. **coma un pancho** *comp.* COL. Saciado, farto de comer e beber ben

- [Úsase con verbos como *estar*, *ir*, *pórse* ou *quedar*]. *Co convite de hoxe quedei coma un pancho.*
73. **coma un pirixel** *comp.* COL. Moi limpo e arranzado. *Uxío vai coma un pirixel á misa. Nin que fose procurar muller para casar. # coma un pixel*
74. **coma un rei nunha cesta** *loc. adv.* COL. Moi ben, moi comodamente, á vontade. [Úsase con verbos como *encontrarse*, *estar* ou *ir*]. *Manuel co traballo está coma un rei nunha cesta.*
75. **coma unha flor** *comp.* COL. Ben de saúde, ben conservado. [Úsase co verbo *estar*]. *Pois a miña nai está coma unha flor.*
76. **coma unha londra** *comp.* COL. Ben mantido, gordo. *Estás coma unha londra, como se nota que non das puntada.*
77. **coma unha poupa** *loc. adv.* COL. Moi mal. [Úsase cos verbos *cheirar* ou *feder*]. *Onde te metiches que fedes coma unha poupa?* [Crese que a orixe desta locución está en que esta ave, a poupa ou bubela, exhala un cheiro desagradable que se atribúe a que lixa o niño con excrementos ou a que os adultos non poden tirar do niño as dexeccións dos pitos que constitúen a rolada, de maneira que o niño cheira mal e as aves conservan ese cheiro moitos días. (Rodríguez González 1958 s.v.)].
78. **comer a figura** [a alguén] *loc. ver.* COL. Berregar moito, intimidar, asoballar [a alguén nun asunto]. *O meu fillo xa sae de noite; o pai a el non lle di nada mais a min cómeme a figura.*
79. **comer as papas (na cabeza)** [a alguén] *loc. ver.* COL. 1. Ser máis alto [ca alguén]. *A pesar de seren da mesma idade, o teu cómelle as papas na cabeza ao meu.* 2. Gañar ou superar [a alguén en algo], ser máis listo [ca alguén]. *É máis novo ca eles e mais cómelles as papas a todos os compañeiros.*
80. **comer coma un boi** *loc. ver.* COL. Comer moito. *Quéixaste de que gasto moito. A culpa tela ti xa que comes coma un boi.*
81. **comer coma un pito** *loc. ver.* COL. Comer moi pouco, ser moi mal comedor. –*Non me poñas máis comida no prato que empacho.* – *Arre demo, comes coma un pito!*
82. **comer máis cos ollos ca coa boca** *loc. ver.* COL. Non ter medida do que realmente pode comer, non saber calcular o apetito. –*Que ben, voume pór coma un abade.* – *Paréceme a min que ti comes máis cos ollos ca coa boca.*
83. **comer o cu** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Rosmar, rifar [a alguén] seguido, insistir seguido [en algo]. *Se pensas saír á noite pídelles permiso a teu pai, se non despois cómeme o cu a min.*
84. **comer/levar unha costela** *loc. ver.* COL. Cobrar moi caro. *Pobre Luísa, o médico que a trata lévalle unha costela. # comer/levar unha costela/costilla*
85. **(contento) coma un cuco / máis contento ca un cuco** *comp.* COL.

- Moi contento. *Botou moza e anda contento coma un cuco.*
86. **cortar leña** *loc. ver. COL.* Durmir. *Hoxe vou cortar leña toda a tarde ao son da chuvia.*
87. **cortar un traxe** [a alguén] *loc. ver. COL.* Murmurar, rexoubar [de alguén], criticar [alguén]. *Fun á festa cos amigos e non pararon de cortar traxes todo o tempo.*
88. **cos pés por diante** *loc. adx. COL.* Morto, sen vida. [Úsase con verbos como *entrar, saír, tirar* etc.]. *Vállame Deus, outro que vai cos pés por diante.*
89. **cousa con cousa** *loc. subst. COL.* [En frases negativas con verbos como *facер, deixar, dicir, haber* etc., expresa a falta de orde ou de sentido]. *Hoxe non fas cousa con cousa, Mila, non sei que che pasa. | Entraron na casa e non deixaron cousa con cousa, vaia desfeita!*
90. **custar ferro e fariña** [a alguén] *loc. ver. COL.* Custar [unha cousa a alguén] moito esforzo, ser difícil de facer. –*Conseguiches o permiso de conducir?* –*Conseguín, o certo é que me custou ferro e fariña, mais pagou a pena o esforzo.* # *costar ferro e fariña*
91. **dar ao trapo** *loc. ver. COL.* Falar moito. *Arre demo, eses dous como lle dan ao trapo!*
92. **dar ao veo** *loc. ver. COL.* Falar continuamente; molestar. *Que aborrecido!, pasou toda a tarde a darlle ao veo sen deixar falar aos máis!*
93. **dar máis voltas ca un muíño** *loc. ver. COL.* Ser moi inqueda, non poder estar quieto; andar dun sitio para outro. *Fun con Anxo mercar o traxe de noivo. Demos máis voltas ca un muíño e chegamos á casa sen nada. Que aborrecida estou!*
94. **dar no cravo** *loc. ver. COL.* Acertar. *Que mala sorte ten ese concursante, con tantos nervios non dá no cravo.*
95. **dar nos fociños** [a alguén] *loc. ver. COL.* Bater, agredir [a alguén]. *Vailla dar ben nos fociños cando o agarre.* # *dar nos fuciños*
96. **dar o corpo** [algo a alguén] *loc. ver. COL.* Presentir [algo]. *Xa me daba a min o corpo que o xersei estaba mal feito.*
97. **dar o mariñeiro** *loc. ver. COL.* Cansar. –*Vamos, muller! Fai unha piada máis de masa que falta pouco para rematar a parede.* – *Uf, eu xa dou o mariñeiro!*
98. **dar puntada** *loc. ver. COL.* Facer algo, traballar. [Úsase máis en construcións negativas como “non dar puntada” ou “sen dar puntada”]. *Estás coma unha londra, como se nota que non das puntada.*
99. **de acá para alá** *loc. adv. COL.* Dun lado para outro. *Toda a tarde de acá pra ala facendo recados, non parei un momento.* # *de acá pa la*
100. **de aquí a Loura** *fór. COL.* [Expresa que algo vai tardar ou que falta moito para chegar a un sitio]. –*Fáltalle moito ao xantar?* –*Ai, home, de aquí a Loura.* | – *Mamá, ao dar esa volta xa*

- chegamos, ¿non si? –Estás boa, nena, de aquí a Loura.*
101. **de boa palla** *loc. adx.* COL. Ben mantido, con bo aspecto. [Úsase xeralmente co verbo *estar*]. *Carai coa Manuela que de boa palla está.*
102. **de fociños** COL. 1. *loc. adx.* Afociñado, incomodado, de mal humor. [Úsase con verbos como *andar, estar, seguir* ou *vir*]. *Non sei que ten que sempre que o vexo anda de fociños.* 2. *loc. adv.* De fronte; de fronte e boca abaixo; dando coa cara [contra algo, caendo, levando un golpe]. *Ao chegar á rúa batemos con eles de fociños. | Tiven que beber de fociños no regueiro. | Caín de fociños e houben romper o nariz.* # de fuciños
103. **de gaivota** *loc. adv.* COL. Fóra da casa, na rúa a pasear ou divertirse. [Dise xeralmente como recriminación ou crítica e úsase xeralmente con verbos como *andar, ir* e *sair*]. *–Nena, teu irmán foi á tenda como lle mandei? –Non, hoxe anda de gaivota por aí.* # de gavota
104. **de moca** *loc. adv.* COL. Á custa doutro ou doutros; sen pagar, gratuitamente. *–Non vaias para aquel recanto que está a túa prima e sempre lle gusta andar de moca. –Ben dito, que gaste do seu forrollo.*
105. **de paleiro** *loc. adx.* COL. De pouca calidade, de pouco mérito. *–Despois do que me custaron non van ser de palla. –De palla non, mais se cadra son de paleiro. | Vaia reloxo de paleiro que tes.*
106. **de pau de caldeiro** *loc. adv.* COL. A esperar, parado, no medio e sen facer nada, sen participar, coma un pasmón. [Úsase con verbos como *estar* e *ir*]. *Oe, mozo, o noso acabouse. Teño máis que facer que botar dúas horas de pau de caldeiro na alameda a esperar por un desleixado coma ti.*
107. **de rapar e peitear** *loc. adx.* COL. Difícil de carácter, perigoso, con quen hai que ter coidado. *Tende coidado con ela que esa é de rapar e peitear.* # de rapar e peinar
108. **de rebolos** *loc. adv.* Dando voltas sobre si mesmo [xeralmente algo que se bota ou lanza]. *O rapaz caeu de rebolos pola pendente abaixo.*
109. **de remollo** *loc. adv.* [Úsase con verbos como *deixar, estar* ou *pór*]. 1. Dentro de auga ou doutro líquido [para que amoleza, para lle tirar o sal, etc.]. *Puxeches de remollo o bacallau? | Non deixes de remollo a roupa que se pode estragar.* 2. COL., HUM. A arranaxarse con moita antecedencia [antes de ir a un acontecemento ou acto social]. *–Como non veu apañar a herba? –É que mañá vai a un casamento e hoxe ten que estar de remollo.*
110. **de varanda** *loc. adv.* COL. A divertirse. [Úsase xeralmente con verbos como *andar, ir* e *sair*]. *Non me dá chegado este fin de semana, penso andar por aí de varanda.*
111. **deitarse canda as galiñas** *loc. ver.* COL. Deitarse moi cedo [No canto de *deitarse* úsanse tamén equivalentes como *ir para a cama*]. *Miña nai xa estará deitada*

- que se deita canda as galiñas. Mellor vai mañá. # deitarse cando as galiñas*
112. **durmir coma un pancho** *loc. ver.* COL. Durmir moi ben. *Cos problemas que ten e dorme coma un pancho.*
113. **(duro) coma un canoto / máis duro ca un canoto** *comp.* COL. **1.** Moi duro, de moita dureza. *Ese ten a cabeza máis dura ca un canoto.* **2.** Moi forte fisicamente, moi resistente. *O rapaz éche duro coma un canoto.* **3.** Moi san, con moita saúde. *Inda habemos de ir nós antes ca ela que esa está dura coma un canoto.* # (duro) como un cañoto
114. **(duro) coma un ferrote / máis duro ca un un ferrote** *comp.* COL. Moi duro, moi forte fisicamente. *Que envexa me dan os teus fillos, ao lado dos meus son coma ferrote.* # ser como ferrote
115. **(duro) coma unha pedra / máis duro ca unha pedra** *comp.* COL. **1.** Moi duro, de moita dureza. *Este pan está coma unha pedra.* **2.** Moi forte fisicamente, moi resistente. *Non cansa nunca, é duro coma unha pedra este furafollas.* **3.** Moi san, con moita saúde. *O meu avó xa ten noventa anos, e está duro coma unha pedra.*
116. **é igual dar no cu ca no cu dar fór.** COL [Dise para expresar que dúas cousas, en realidade, son o mesmo]. *Boh! Éche o mesmo! éche igual dar no cu ca no cu dar! # é igual dar no cu que no cu dar*
117. **empreñar do vento** *loc. ver.* COL. Crer todo o que lle din, ser moi crédulo. –*Contáronme que meteron no cárcere o fillo da Marta. –Que dis? Ti empreñas do vento! Iso non é verdade, que cho digo eu!*
118. **en coiro** *loc. adx.* COL. Nu, sen roupa. *Como saiba que Iria se pon en coiro na praia póñoa en vinagre.*
119. **entrar por un oído e saír polo outro** [a alguén] *loc. ver.* COL. Non prestar a menor atención [ao que outro di], ignorar totalmente [o que outro di]. *Neno, ¿non che dixeran que non puxeses ese pantalón? Levo razón cando digo que o que eu falo éntache por un oído e sáche polo outro. # entrar por un oído e saír polo outro*
120. **estar para lerias / ter gana de leria** *loc. ver.* COL. Estar de humor, estar disposto a aturar. [Úsase máis en construcións negativas]. *É a última vez que volo digo. Credes que estou para lerias? | Fai o que queiras, eu hoxe non estou para lerias. | Pareceche que teño gana de leria?*
121. **estar que arde** *loc. ver.* COL. Estar moi enfadado. *Miña nai está que arde porque a mandaron ao paro por seis meses.*
122. **estar que traba** *loc. ver.* COL. Estar moi enfadado. *Non lle digas nada agora que está que traba.*
123. **estirar a pata** *loc. ver.* COL. Morrer. *O papagaio? Hai un mes que estirou a pata.*
124. **facер barro (coas orellas)** *loc. ver.* COL. Facer moi ben algo, ter moito éxito, sobresaír. –*Cantos*

goles marcaches no partido, mozo? –Hoxe fixen barro, metín catro goles. # facer barro (coas ourellas)

125. **facer de tripas corazón** *loc. ver.* COL. Adoptar unha boa disposición de ánimo [para se enfrontar a unha situación difícil, desagradable ou que custa un grande esforzo]; pór boa cara aínda estando mal. *Non queda outro remedio, Carme, hai que facer de tripas corazón.*
126. **facer o cu luis-luis** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Ter moito medo ou moito nerviosismo. *Mañá teño que ir ás oposicións e o cu faime luis-luis.*
127. **facer** [de alguén] **un pandeiro** *loc. ver.* COL. Facer [con alguén] o que quere, dominar completamente [alguén], abusar [de alguén]. *Fai de ti un pandeiro, parece mentira que non te decates, sempre caes de parvo.*
128. **fai/facede lume nun ollo** *fôr.* COL., HUM. [Dise a quen di que non ve ben]. *–Xa non vexo as letras pequenas do xornal. –Pois fai lume nun ollo.*
129. **fainas Deus e págaas Cristo** *fôr.* COL. [Dise cando levan a culpa os inocentes e non os culpables]. *– Por que estragaches o espertador? –Eu non fun, aquí fainas Deus e págaas Cristo. # fainas Dios e págaas Cristo*
130. **feito á machada** *loc. adx.* COL. Moi mal feito, tosco, imperfecto. *Este moble está feito á machada, parece mentira que che custase tanto. 2. Moi feo. A pesar de ser feito á machada ten bastante éxito coas raparigas. [En Matamá diferénciase a “machada” (máis grande e de manexo coas dúas mans) da “macheta” (máis pequena e de manexo con unha)].*
131. **feo coma os meus pecados / máis feo ca os meus pecados** *comp. COL.* Moi feo. *O Xosé leva un traxe máis feo ca os meus pecados.*
132. **ferver a merda no cu** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Estar inquieto, non acougar. *No cine case non entendín nada da película pola súa culpa, fervíalle a merda no cu.*
133. **fiate/fíadevos (de Deus) e non corras/corrades** *fôr.* COL. [Expresa que non se debe un fiar pasivamente, que é preciso o propio esforzo para atinxir un obxectivo]. *–Dixo que non me preocupase, que xa mo fai el. –Si, ti fíate e non corras. # fíate (de Dios) e non corras*
134. **(frío) coma a neve / máis frío ca a neve** *comp. COL.* Moi frío. *– Achégate a min, muller, que teño frío. –Non, arrímate alá que estás coma a neve.*
135. **gábate, can, que non tes cadela!** *fôr.* COL. [Dise a quen se gaba moito]. *–Non é por nada pero son o mellor da clase en todo. – Gábate, can, que non tes cadela!*
136. **(gordo) coma un bocoi** *comp. COL.* Moi gordo ou con moita barriga. *Arre demo! o médico que me operou da vista está coma un bocoi.*

137. **grande coma un día sen pan / máis grande ca un día sen pan** *comp.* COL. De moita estatura ou altura ou moi grande ou extenso. *Ten un fillo grande coma un día sen pan. | Estou farto de cavar! Este campo é máis grande ca un día sen pan!*
138. **(grande) coma un mundo** *comp.* COL. Moi grande. *Que amolado quedei, leveille o ovo de Pascua ao meu afillado, e nisto chegou a madriña del cun roscón coma un mundo.*
139. **haber roupa ao clareo** *loc. ver.* COL. Haber persoas diante, nomeadamente rapaces, que non deben oír o que se está a dicir. *Cala, que hai roupa ao clareo.*
140. **ir a Vigo por ver Cangas** *loc. ver.* COL. Non lograr facer o que pensaba, ir en balde a un sitio, ir por algo e vir sen nada. *—Fun ao médico e non estaba o ambulatorio aberto. —Xa cho dicía eu, fuches a Vigo por ver Cangas. # ir a Vigo por mirar Cancas*
141. **ir pór os bancos** *loc. ver.* COL. Ir ou chegar cedo de máis [a algún sitio]. *Non vaías tan cedo, ho, que sempre vas pór os bancos.*
142. **irse o leite** [a alguén] *loc. ver.* COL., HUM. [Dise de quen ten moita présa]. *—Mamá, ¿fáltache moito para rematar?, é que faltan tres semanas para o casamento de Xulio e aínda non teño a roupa, se vou soa despois non fungues se a ti non che gusta. —Tes tempo, ¿ou váiseche o leite?*
143. **lamber unha vaca** [alguén] *loc. ver.* COL., HUM. [Dise de alguén que vai co cabelo moi graxento ou mollado pegado á cabeza]. *Agora non mires para atrás, mais á secretaria do teu xefe parece que a lambeu unha vaca.*
144. **levar o demo** [alguén] *loc. ver.* COL. Sentir moita rabia, estar furioso. *O meu home non fai máis que trapalladas e a min lévame o demo.*
145. **limpar o salón** *loc. ver.* COL., HUM. Limpar o interior do nariz cos dedos. *Xa está outra vez a limpar o salón.*
146. **man solta** *loc. subst.* COL. Persoa desinteresada, xenerosa. *Eu teño sorte con meu irmán, sempre que vou de copas arrímome a el porque é un man solta.*
147. **(mareado) coma unha maragota / máis mareado ca unha maragota** *comp.* COL. Moi mareado. *Cando baixei do barco de Moaña viña máis mareada ca unha maragota.*
148. **mares e moreas** *loc. subst.* COL. Moitas cousas, grande cantidade [de algo], [xeralmente riquezas ou cousas de valor ou importancia. Úsase con verbos como *facer, ofrecer, prometer, querer* ou *ter* e, a miúdo, ironicamente]. *Xa sei que che gustaría pero o meu soldo é cativo e non podemos ter mares e moreas de xoguete.*
149. **María a Molla** *loc. subst.* COL. A chuvia. [Sobre todo cando comeza]. *Vaia!, teño que ir ao toxo e non podo porque xa chegou María a Molla. | O espectáculo será na praza ás cinco, se María a*

- Molla o permite, xaora.* [“molla” pronúnciase con o cerrado].
150. **María matouse!** *fór.* COL. [Dise cando alguén cae ou cando non se pode facer o que se pensaba. Expresa contrariedade]. –*Non podemos ir ao concerto que meu pai castigou a miña irmá e aínda somos pequenas para irmos soas. –María matouse!, sempre nos ten que pasar algo!*
151. **medir a estrada** *loc. ver.* COL. Caer para os lados, cambalear [por estar bébedo]. *Vai con xeito, e procura non medir a estrada para que non se decaten do teu estado.* # medir a carretera
152. **mesa de noite** *loc. subst.* COL. Persoa moi baixa. –*O mozo da Tereixa é un anaco máis pequeno ca ela. –Certo, é unha mesa de noite.* # mesilla de noite
153. **mirar para dentro** *loc. ver.* COL. Durmir. –*Terás que ir soa, eu teño máis que facer. –E logo? – Vou mirar para dentro.*
154. **mirar para o aire** *loc. ver.* COL. Non facer nada, non traballar. *Están aí toda a tarde a mirar para o aire sen saberen que facer.* # mirar pó aire
155. **(mollado) coma un pito / máis mollado ca un pito** *comp.* COL. *Moi mollado, empapado. Púxenme coma un pito por querer acabar de arrancar as patacas.*
156. **(mollado) coma unha sopa / máis mollado ca unha sopa** *comp.* COL. *Moi mollado. Este rapaz ten o cueiro coma unha sopa.*
157. **mollar a palleta** *loc. ver.* COL. Beber un pouco de viño ou doutra bebida. –*Bule, Carlos, que levo présa. –Pois non me esperes, que non paso por esta taberna sen mollar a palleta.*
158. **mollar o ollo** *loc. ver.* COL. Chorar. –*Avoa, que contenta estou, teño mozo! –Pobre miña neta, ¡canto vas mollar o ollo!*
159. **mollar os pés** *loc. ver.* COL. Embebedarse. *O meu home, no casamento, mollou os pés. Que vergoña!*
160. **mover (unha) palleira** *loc. ver.* COL. Facer algo, tomar algunha iniciativa, facer un mínimo esforzo. [Úsase máis en construcións negativas como “non mover palleira” ou “sen mover palleira”]. *Non sei como non estás máis gordo, pasas o día sen mover palleira. | Ela traballando de sol a sol e el non move palleira, non o entendo.* [Na fala desta parroquia viguesa e, polo menos, dalgunha outra, existe o sufixo -eiro, -eira con valor individualizador. Así, por exemplo, nos pares *folla/folleira*, *herba/herbeira*, *milllo/milleiro*, *palla/palleira* e *pelo/peleiro*, o primeiro elemento ten valor colectivo e o segundo individual].
161. **negro coma os (meus) pecados / máis negro ca os (meus) pecados** *comp.* COL. 1. *Moi escuro, moi negro. Aquel bar estaba negro coma os pecados.* 2. *Moi sucio. Ai, meniño, como imos ir para a festa con ese pantalón negro coma os meus pecados?*
162. **negro coma un corvo / máis negro ca un corvo** *comp.* COL.

Moi negro ou moi escuro. *Levaba unha roupa negra coma un corvo.*

163. **non coller** [varias persoas] **nunha cesta** *loc. ver.* COL. Non conxeniari. [Dise de persoas que rifan con frecuencia, que nunca están de acordo ou que rematan sempre discutindo]. *Lévanse a matar, non collen nunha cesta.*

164. **non comer para non cagar** *loc. ver.* VULG. Ser moi avaro. *Non nos quixo dar nada, ese non come para non cagar.* # non comer pa non cagar

165. **non dar (nin) a merda que cagar** *loc. ver.* VULG. Ser moi agarrado. *Que me regalou no meu día de anos? Nada, ese non dá nin a merda que caga.*

166. **non dar nin ter** *loc. ver.* COL. Non poder máis de cansazo. *Ese rapaz no seu primeiro día de traballo xa non dá nin ten.*

167. **non dar puntada sen agulla** *loc. ver.* COL. Actuar de forma premeditada para acadar os propios obxectivos, non facer nada sen procurar o interese propio. *—Vés apañar a herba? Convidote a xantar. —Xa o dicía eu, non das puntada sen agulla.*

168. **non dar unha** *loc. ver.* COL. Facer todo mal, non acertar en nada, non saír [a alguén] nada ben. *Que mala sorte ten ese concursante, con tantos nervios non dá unha.*

169. **non ser palla** *loc. ver.* COL. Non ser cousa de pouca importancia. *O esforzo de conseguir catro vitorias consecutivas, que non é palla en*

ningunha categoría, por fin o coloca a un tiro de pedra dos tres primeiros.

170. **non somos iguais, paxariños ca pardais** *fôr.* COL. [Dise para marcar diferenzas con alguén]. *Neno, non me marees, xa sabes que non somos iguais, paxariños ca pardais.* # non somos iguais pagharitos que pardales

171. **non ter mans a medir** *loc. ver.* COL. Estar moi atarefado, ter moito que facer. *A modista que me fai a roupa non ten máis mans a medir.*

172. **non ter (nin) pés nin cabeza** *loc. ver.* COL. Ser disparatado, absurdo, ilóxico, incomprendible. *Isto non ten pés nin cabeza, tes que empezar outra vez desde cero.*

173. **non ter paraxe** *loc. ver.* COL. Non poder estar quieto ou tranquilo; non ter sosego, tranquilidade, descanso. *Os meus fillos danme moito choio pois non teñen paraxe.* # non ter parás

174. **non ter un can/peso para mandar cantar un cego** *loc. ver.* COL. Non ter nada, non ter diñeiro. *A onde vai ir se non ten un can para mandar cantar un cego.* # non ter un can/duro pa mandar cantar un cego

175. **non vir só** *loc. ver.* COL. Estar bébedo. *—Querida, dáme un biquiño. —Como se nota que non vés só! Isto debía pasar máis a miúdo.* # non vir solo

176. **nos cornos da lúa** *loc. adx.* COL. Moi incomodado. [Úsase con verbos como *andar*, *estar* e

pórse]. Non sei que lle pasou á avoa que está nos cornos da lúa.

177. **demo e a mona** *loc. subst.* COL. Un batifondo ou conflito. [Úsase xeralmente co verbo *haber*]. *A semana pasada na casa dos meus veciños houbo o demo e a mona por mor do capital.*

178. **pai que te/o... fixo!** *fór.* COL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *O pai que vos fixo!*

179. **tal para ir buscar a morte** *loc. adx.* COL., IRÓN. Moi lento en facer algo. *—Estamos a piques de cear e Miguel aínda non chegou coas patacas. —Ese é o tal para ir buscar a morte.*

180. **tío de América** *loc. subst.* COL. A menstruación. *A Ana que caladiña anda, non nos contou que xa lle veu o tío da América.*

181. **ollos de gata** *loc. subst.* COL. Ollos moi pintados. *Tanto te queres arranxar que sempre andas cos ollos de gata.*

182. **outra vaca vai no millo!** *fór.* COL. [Expresa desgusto ou rexeitamento. Utilízase cando alguén fai ou di algo do que non gustamos, co que non estamos de acordo ou que coidamos non ser certo]. *—Frega mellor esa louza. — Outra vaca vai no millo!*

183. **palla para o burro** *loc. subst.* COL. Cartas de pouco ou ningún valor. *—Vamos, Maruxa, conta as cartas, que me parece que gañaches o chico. —Iso paréceche*

a ti, mais non fixen máis que levar palla pró burro. # palla pó burro

184. **para quen non quere hai moito fôr.** COL. [Dise a quen (ou de quen) rexeita ou despreza algo que outro lle ofrece]. *—Come roscón, Xulia, para que a fecha non che sente mal. —Grazas pero non teño gana. —Como ti queiras, para quen non quere hai moito. # pa quen non quere hai moito*

185. **parecer o Deus dos borreiros** *loc. ver.* COL. Ter moita paciencia, ser moi tranquilo. *O camareiro que nos pon o xantar no bar de en fronte xa parece o Deus dos borreiros.* [No dicionario de Eladio Rodríguez (Rodríguez González 1958 s.v.) defínese “borreiro” como ‘catador de colmeas’ e ‘o que comercia coa cera en cru’]. # parecer o Dios dos borreiros

186. **parecer/ser a farra das canas** *loc. ver.* COL. Haber moito barullo, berros ou choros. *Traballo nunha escola infantil e ás veces aquilo parece a farra das canas. | Canto rapaz xunto! isto é a farra das canas! [Poida que esta expresión teña que ver co ruído que fan as canas no canaval ao bateren unhas coas outras].*

187. **parecer un alguacil** *loc. ver.* COL. Estar observando con insistencia, controlando. *Que fas aí mirando. Xa parece un alguacil!*

188. **parecer un cabalo montado** *loc. ver.* COL. Estar de mal humor; ser de mal carácter. *O home dela as máis das veces parece un cabalo montado.*

189. **parecer un entroido** *loc. ver.* COL. Ir mal vestido, mal combinado ou cun aspecto ridículo. *Veño chea de rir, vin o teu afillado no autobús e ía que parecía un entroido.* # parecer un entroido
190. **parecer un pirixel** *loc. ver.* COL. Ser moi delicado de saúde ou moi susceptible. *A Mingos non se lle pode gastar unha broma, parece un pirixel.* # parecer un pixrel
191. **parecer unha gaivota** *loc. ver.* COL. Andar fóra da casa, na rúa, a pasear ou divertirse. [Dise xeralmente como recriminación ou crítica]. *Parece unha gaivota, nunca para na casa.* # parecer unha gavota
192. **parecer unha parrumeira** *loc. ver.* COL. Estar moi emborreado, moi sucio. *Vaia vestido, parece unha parrumeira.*
193. **pedir papas** *loc. ver.* COL. Renderse. *Pido papas, xa non traballo máis hoxe.* | *Paréceme a min que ti xa pides papas, non dás acertado o que che pregunto.*
194. **peixe gordo** *loc. subst.* COL. Persoa importante; persoa rica. – *De quen é esa casa tan boa?* – *Non o sei, pero seguro que é dalgún peixe gordo.*
195. **pel de galiña** *loc. subst.* Aspecto da pel humana cando, por efecto do frío ou dunha emoción, toma o aspecto da pel dunha galiña desplumada. *Vou pór a chaqueta que teño a pel de galiña.* | *Emocioneime ao cantar a canción e púxoseme a pel de galiña.*
196. **(pequeno) coma un feixón** *comp.* COL. Moi pequeno. [Dise de persoas]. – *Pedro que bonito é.* – *Tes razón, mais é pequeno coma un feixón.*
197. **perder aire** *loc. ver.* COL., HUM. Tocar un instrumento musical de sopro. *A miña filla? Está na casa perdendo aire.*
198. **perdón polo gato lambón (que entrou pola xanela e saíu polo balcón)** *fór.* COL., HUM. [Dise para disculparse. Tamén o pode dicir a persoa á que se lle piden desculpas para tirar importancia aos feitos]. – *Perdón, non sabía que estiveses ocupado.* – *Perdón polo gato lambón # perdón polo gato lambón, (que entrou pola ventana e saliu polo balcón).*
199. **(pesado) coma o chumbo / máis pesado ca o chumbo** *comp.* COL. 1. Moi pesado. *Este rapaz é coma o chumbo, xa case non podo con el no colo.* 2. Moi aborrecido, moi pesado ou molesto. *Vai dar a palestra o director do conservatorio? Vaiche boa!, temos para dúas horas, ese é máis pesado ca o chumbo!* # máis pesado ca o plomo
200. **piollo pegadizo** *loc. subst.* COL., PEX. Persoa molesta que non se separa de alguén. *Arre demo, esa rapariga é un piollo pegadizo.*
201. **pisar cebolas** *loc. ver.* COL., HUM. Bailar mal, sempre da mesma maneira, lento. – *Se me convida a bailar ¿que fago?* – *Dálle unha desculpa, que só sabe pisar cebolas.*

202. **pór as costelas nun feixe** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén], golpear [alguén]. *Ou me entregas o mes ou che poño as costelas nun feixe. # pór as costelas/costillas nun feixe*
203. **pór de verán** [alguén] *loc. ver.* COL. Reprender ou censurar [alguén]. –*Mamá, Luís suspendeu na escola. –Fixeches ben en mo dicir, miña filla, ao chegar vouno pór de verán. # pór de vran*
204. **pór en vinagre** [alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén], dar unha boa tunda [a alguén]. *Non te atrevas a traerme carolos nestes exames que te poño en vinagre.*
205. **pór os cornos** [a alguén] *loc. ver.* COL. Ser infiel [ao seu compañeiro ou compañeira]. *O teu querido irmanciño volveu a pórme os cornos, mais eu esta vez non o perdoo.*
206. **pór unhas canizas** [a algo] *loc. ver.* COL., HUM. [Dise para expresar que o prato ou algo similar está tan acugulado de comida que xa non cabe máis nada, que está a punto de bordar]. *Enchíchelo tanto que vas ter que pórllle unhas canizas. | Ponlle unhas canizas!*
207. **pórse os pelos de punta** [a alguén] *loc. ver.* COL. Arrepiar, horrorizar, sentir moito medo ou desagrado. *Puxéronseme os pelos de punta cando vin o accidente de avión pola televisión.*
208. **quen fixo o mundo que teña man del fôr.** COL. [Dise para se desentender de algo]. –*Manuel, acaba a sobremesa que vai vir a chuvia e temos que facer as medas da palla. –Estou canso. Quen fixo o mundo que teña man del.*
209. **(quente) coma un roxón / máis quente ca un roxón** *comp.* COL. *Ben quente. Ten os pés coma roxóns.*
210. **Ramona a Bota** *loc. subst.* COL., PEX. Persoa que chega tarde ou é sempre a última. *Mala chispa te coma, Lucía, sempre chegas de Ramona a Bota. | Vaia, aí vén Ramona a Bota. [“bota” pronúnciase con “o” aberto]. [Nun artigo de Xosé María Álvarez Blázquez publicado por ocasión do Día das Letras Galegas do ano 2008 e titulado *As Travesas* no ano 46, este autor refírese a unha personaxe popular do barrio vigués das Travesas chamada Ramona La Bota que, segundo el, merecera esta nomeada porque “andaba cunhas grandes botas sen amalloor a fin de poder ceibalas a modo de obuses cando lle entraba a arroutada”].*
211. **rascar as pernas** *loc. ver.* COL. Non estar facendo nada, estar ocioso. *Os carpinteiros? Eses non fan máis nada ca rascar as pernas.*
212. **remover na merda** *loc. ver.* VULG. Falar de asuntos pasados desagradables. –*Oes, por que te deixaches co teu mozo? –Fai favor, non removas na merda.*
213. **ruín coma a peste / máis ruín ca a peste / peor ca a peste** *comp.* COL., PEX. Moi malo, moi ruín. *O meu neto é peor ca a peste, ten que levar moitas tundas.*

214. **saber a cantas andar** *loc. ver.* COL. Estar informado, saber o que di ou fai, non estar confuso ou desorientado. [Úsase máis en construcións negativas como “non saber a cantas andar” ou “sen saber a cantas andar”]. *Con estes cambios constantes de horarios xa non sei a cantas ando. | Esa longa viaxe deixoute sen saber a cantas andas, tes que te relaxar un pouco.*
215. **sacar da cabeza algo máis ca piollos** *loc. ver.* COL. Esforzarse máis, pensar ou razoar máis [referido á actividade intelectual ou aos estudos]. *A ver se sacades da cabeza algo máis ca piollos.*
216. **sacar pelos dunha perna e metelos noutra** *loc. ver.* COL., HUM. Non estar facendo nada, estar ocioso. *—E ti que estás facendo? —Estou sacando pelos dunha perna e meténdoos noutra.*
217. **sacudir o po** [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén]. *Migueliño, ou paras de amolarme ou che sacudo o po. # sacudir o polvo*
218. **saír a tripa cagueira** [a alguén] *loc. ver.* COL., HUM. [Díselles aos nenos cando se asustan por unha ferida]. *Non chores tanto que o corte foi pequeno, e por aí non che vai saír a tripa cagueira. | Vaiche saír a tripa cagueira. # salir a tripa cagueira*
219. **saúde de ferro** *loc. subst.* Saúde moi boa, excelente. *Leva quince anos sen coller unha baixa no choio, iso si que é unha saúde de ferro. # salú de ferro*
220. **se tes/ten... moito levántate/que se levante... de noite e cómeo/que o coma...** *fór.* COL., PEX. [Dise a quen (ou de quen) presume moito de riqueza]. *—Atopeime con Fausto e púxose a contarme todo o que ten. Xa non me acordo nin da metade! —Pois se ten moito que se levante de noite e que o coma. # se ten moito que se levante de noite e que o coma*
221. **(seica / parece que) viches/vistes... a bruxa!** *fór.* COL. [Dise para referirse a quen vai co cabelo despeiteado ou de punta, ou con aspecto de ter levado un susto]. *Mi madriña, Lucía, que cabelos traes, parece que viches a bruxa! # miraches a bruxa*
222. **(seica / parece que) viches/vistes... o lobo!** *fór.* COL. [Dise para referirse a quen vai co cabelo despeiteado ou de punta, ou con aspecto de ter levado un susto]. *Seica viches o lobo, Sesiño! Que che ocorreu, home? # miraches o lobo*
223. **sempre e mais despois** *loc. adv.* COL. Arreo. *Ti nunca cansas, queres festa sempre e mais despois. | Non me rompas a cabeza, falas sempre e mais despois.*
224. **sen ton nin son** *loc. adv.* ou *adx.* COL. Sen lóxica, sen razón aparente, sen reflexión, de xeito disparatado. *Fala sen ton nin son, non sabe nin o que di. | Nos xornais ás veces publicanse artigos sen ton nin son. # sin ton nin son*
225. **sentar cabeza** *loc. ver.* COL. Coller xuízo [quen non o tiña],

facerse responsable. *A ver se senta cabeza e pode vivir en paz!*

226. **ser máis parvo ca os pelos do cu (que ven vir a merda e non se apartan)** *loc. ver.* VULG. Ser moi parvo. *Ese é máis parvo ca os pelos do cu e non o quero ver diante.* # ser máis parvo ca os pelos do cu (que miran vir a merda e non se apartan)

227. **ser o demo (cos cornos)** *loc. ver.* COL. Ser alguén moi revoltoso, inquieto, bromista, divertido ou malo. *O meu fillo non para, é o demo cos cornos.*

228. **sete para un caldeiro** *loc. subst.* COL. Unha boa berregueira ou reprimenda. *Onte levei sete para un caldeiro por non facer as tarefas escolares.* | *Boteille sete para un caldeiro cando chegou.* # sete pa un caldeiro

229. **soñar desperto** *loc. ver.* Fantasiar, imaxinar como posibles cousas irrealizables. –*Mamá, cando case quero un casamento de douscentos convidados.* –*Meu fillo, ti soñas desperto.*

230. **sopas de burro cansado** *loc. subst.* Pan mollado en viño (xeralmente tinto). *Cando acabe de sachar o campo de millo hei tomar unhas sopas de burro cansado.*

231. **tan bo é Xan coma Pirillán** *fôr.* COL. [Expresa que dúas persoas son parecidas; xeralmente, en sentido negativo]. *Pois eu penso que tan bo é Xan coma Pirillán.*

232. **tarde piaches/piastes** *fôr.* COL. [Dise cando alguén se lembrou

tarde de algo ou cando xa é tarde para algo]. –*Mañá xógase o sorteo da lotaría, ¿sobrouche algún décimo?* –*Laméntoo, meu amigo, tarde piaches.*

233. **tentar o demo** *loc. ver.* COL. Dar ocasión ou motivo para se pór en perigo dalgunha cousa mala, provocándoa ou buscándoa. –*Mamá, voulle dicir ao papá se me deixa saír de noite.* –*Non o fagas, rapariga, non tentes o demo.*

234. **ter máis ca pelos na cabeza** *loc. ver.* COL. Esforzarse máis, pensar ou razoar máis [referido á actividade intelectual ou aos estudos]. *Ese problema está mal feito; hai que ter máis ca pelos na cabeza.*

235. **ter máis merda ca un pau do galiñeiro** *loc. ver.* VULG. Estar [unha cousa] moi sucia. *Esa cociña ten máis merda ca un pau do galiñeiro, a ver se a limpades*

236. **ter man** [en algo/alguén] *loc. ver.* Controlar [algo/alguén], administrar [algo], ter cautela con [algo/alguén]. *Teño que ter man nos rapaces, non o vaían estragar todo.* | *Así ten a casa que ten porque tivo man nos cartos.* | *Tes que ter man no teu can non nos vaia dar un desgusto.*

237. **ter menos sentido ca unha galiña no cu** *loc. ver.* COL., PEX. Ter moi pouco siso, ser irreflexivo. *Chega máis cedo, tes menos sentido ca unha galiña no cu.*

238. **ter millo na cabana** *loc. ver.* COL. Ter cartos, ser rico. *O pai dela ten moito millo na cabana, así non é milagre que faga esas viaxes*

- e gaste o que gasta. [“cabana” é o nome local do “canastro” ou “hórreo”]. # ter millo na cabaña*
239. **ter o buraco feito** *loc. ver.* COL. Haber un destino decidido para gastar ou empregar o diñeiro. —*O diñeiro das horas extras deste mes a ver se o aforro para un mal momento que poida ter. —Pois os meus xa teñen o buraco feito hai medio ano.*
240. **ter o cu coma unha cesta** *loc. ver.* COL. Ter o cu grande. *Ten o cu coma unha cesta.*
241. **(teso) coma un berete / máis teso ca un berete** *comp.* COL. Moi dereito, moi teso. *O día da primeira comunión ía teso coma un berete. | Un neno de tres meses e xa anda máis teso ca un berete.*
242. **tira/tirade de aí! / tira/tirade para alá!** *fór.* COL. [Úsase para rexeitar alguén ou algo ou para expresar incredulidade]. *Querían que aprendese a mergullarme e dixen eu: tira para alá! | —Teño corenta anos e penso ter un fillo aínda. —Tira para alá, despois de que se mete o sol logo é noite. # saca/tira de aí / saca/tira pa la*
243. **tocar o carallo/nabo** [a alguén] *loc. ver.* VULG. Amolar [alguén], importunar [alguén]. *Mira, non me toques o nabo, ho!*
244. **traballar no arame** *loc. ver.* COL. Exercer de prostituta. —*Fíxate, Beatriz traballa no arame —Ás veces calado que guapiño serías. # traballar no alambre*
245. **tremar coma unha vara verde** *loc. ver.* COL. Tremar moito [co frío ou co medo]. *Tremamos coma unha vara verde vendo a película de onte. # temblar como unha vara verde*
246. **untar o bico** [a alguén] *loc. ver.* COL. Subornar [alguén]. —*O Carlos entrou a traballar no Concello. —A quen lle untaría o bico ese?*
247. **vai cagar onde cagaches onte (que fas máis grande monte)** *fór.* VULG. [Exclamación de rexeitamento con que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Xa estou cheo dos teus incumprimentos! Vai cagar onde cagaches onte!*
248. **vaiche boa!** *fór.* COL. 1. [Expresa que hai moita diferenza entre o que se di e o que realmente é, ou para dar máis énfase a unha valoración]. —*Non te vaias que isto aínda vai durar moito. —Vaiche boa, e eu co que teño que facer...!* 2. [Úsase para expresar que hai moito tempo que ocorreu algo]. *Tráesme unha noticia que vaiche boa o tempo que a sei.*
249. **vai/ide chorar a Cangas!** *fór.* COL. [Dise para desentenderse de quen non para de pedir, pide de máis ou se queixa de algo]. *Mira, rapaz, para de pedir, vai chorar a Cangas!*
250. **vai/ide ver se chove!** *fór.* COL. [Exclamación de rexeitamento con que se lle di a alguén que se vaia ou deixe de molestar]. *Sabes o que che eu digo? Vai ver se chove! # vai/ide mirar se chove*
251. **vai na man se o levan** *fór.* COL. [Expresa que algo é fácil, que non

dá moito traballo]. –*Como boles a rapar na ovella! –Isto vai na man se o levan.*

252. **vállame Cristo/Deus!** *för.*
[Expresa desgusto, desaprobación, sorpresa ou resignación]. *Vállame Deus, rompín os zapatos. # válgame Cristo/Dios!*

253. **ventar o cu foliada** [a alguén]
loc. ver. COL. Desconfiar [un

nenos] que non o van levar a algún sitio. –*María marchamos a regar? –A ver con quen deixamos o rapaz que parece que lle venta o cu foliada.*

254. **verter coma unha cesta** *loc. ver. COL. Verter moito. –Tráeme ese caldeiro que o quero encher de terra para as plantas. –Pero papá, ¿non te acordas que verte coma unha cesta?*

Referencias bibliográficas:

- ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, Xosé María (2008): *As Travesas no ano 46*. Vigo: Galaxia. (Folleto de 4 páxinas)
- PEREDA ÁLVAREZ, José María (1953): “Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega”, en *Douro Litoral* VII-VIII da quinta serie, Porto. 19-52.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. 3 vols. Vigo: Galaxia. 1958 (I) / 1960 (II) / 1961 (III)